

RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 XULLO DO 2012, POLA QUE SE CONCEDEN OS PREMIOS DO X PREMIO DE MAQUETAS DE MÚSICA CONVOCADOS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

De conformidade co establecido nas bases da Convocatoria do X Premio de Maquetas de música, consonte a Acta do 20 de xullo do 2012, pola que se acorda a concesión destes premios,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

OUTORGAR o premio do X Premio de Maquetas de música da Universidade de Vigo aos seguintes alumnos/as :

Primeiro premio: 1.200 €

- **Desequilibrio** do grupo Baldosa Amarilla (Santiago Bastos González e César Costas Carrera)

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación desta Resolución no taboleiro do Rexistro, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativo.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpoñer contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, a 26 de xullo de 2012.

O REITOR,

(Por Delegación R.R. 05-09-11)

O Vicerreitor de Extensión Universitaria,



José Henrique Costas González

DILIXENCIA: para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro de anuncios do Reitorado.
Vigo 26 de xullo do 2012.
O Xefe do Servizo de Extensión Universitaria

Ricardo Córden Salgado

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº. 201200014848
26/07/2012 11:55:17